

“O día 6...non podo vir”

Vigo, 29 de Xaneiro de 2010

Probablemente os traballadores/as podemos atoparnos nunha situación de impotencia fronte a algunhas das moitas medidas que nos últimos meses se veñen arbitrando por parte da Dirección. Certo.

Pero aínda sendo así, cada un de nós podemos tamén ter a oportunidade de revelar, nalgún caso, ese malestar si sumamos aptitudes comúns fronte peticións que, sendo formuladas con carácter voluntario, estas entran en colisión non so coa razón, senón tamén cos nosos lexítimos intereses. E o caso do sábado día 6.

Sobre as producións previstas vimos demostrando certo grado de comprensión, pero pedirnos agora que os que traballamos no Sistema II, veñamos a realizar produción o primeiro sábado de febreiro, cando ó dobrar a esquina nos esperan 2 días laborais de inactividade, é no noso entender... un insulto a intelixencia, e dicir, facemos unha semana de 6 días para logo hipotecarnos en dúas xornadas máis no mes de abril, sabendo que hai mecanismos organizativos e industriais para evitar este uso e abuso da flexibilidade.

Por todo isto, non podemos ver para outro lado. En consecuencia esta xustifico pediros, dende o convencemento, que voluntariamente non contribuíamos a favorecer estas contradicións, cando por outra banda, os equilibrios de produción en ámbalas liñas –exemplos xa os tivemos– son posibles, evitaríamos así uns perxuizos aos traballadores/as deste Sistema.

En canto o valor das Horas Extras dos sábados voluntarios, lembrar a tódolos traballadores/as que as condicións económicas se establecen nos Convenios Colectivos, e por suposto en Citroën tamén.

Partindo da base que todos debemos ter o texto desta lei que é o Convenio, onde por certo sempre figuran os seus asinantes, (neste caso non atoparedes a C.I.G.) acercávos o Art. 38, onde despois da fórmula di:

“o valor da hora extra para o ano 2010 experimentará un incremento igual ao pactado para dito ano, manténdose no mesmo nivel para o ano 2011” (mesma fórmula aplicada para 2008-2009).

Queda claro pois, que os conceptos salariais, para ben ou para mal se acordan nos convenios, e si neste caso as horas extras as consideramos baratas, temos unha razón máis a sumar para que o día 6 descansemos. *“O día 6 non podo vir...teño un compromiso”.*

Confederación Intersindical Galega.